



Problemas varios coas listas de substitucións

Levamos anos traendo á mesa diversos problemas coas xestión das coberturas das baixas do profesorado, enumeramos só as últimas queixas do profesorado, tanto dos centros como do persoal substituto:

- Borrado de substitucións de baixas de 15 días cando quedan menos de 15 días e non foron cubertas.
- Contrato administrativo polo tempo que se tería traballado en caso de IT derivadas por embarazo tal e como se fai no SERGAS e que se negou a súa incorporación na última modificación do acordo de persoal interino.
- Incumprimento do artigo 17.3. A Consellaría segue a incumprir que se reserve o posto de traballo para o persoal substituto que se encontra de baixa no momento de ser chamado. Só o fai na adxudicación do CADP, o que é unha interpretación restritiva do texto.

Non dan explicación e limítanse a falar dos problemas que existen nalgunhas especialidades (Informática, SAI) para cubrir as prazas.

A CIG urxe a actualización do pago de dietas por quilometraxe

Levamos desde hai meses sen que se actualicen as contías para o pago dos gastos

de desprazamento, que pasaron a nivel estatal de 0,19€ a 0,26€. A Xunta

O sindicato trasladou tanto á Consellaría de Educación como a Función Pública, de quen están pendente en última instancia os cambios e adaptación da normativa estatal para a súa plena aplicación ás empregadas e empregados públicos da Xunta. Xa que nin Función Pública nin Educación sen dan présa por facer este cambio solicitamos que se autorice o carácter retroactivo desde comezo de curso.

Alegan novamente que non depende de Educación e que agardan a que Función Pública publique a norma para cambiálo. Non se comprometen a regular o carácter retroactivo.

Permiso parental de 8 semanas

Logo de ter rexeitado a concesión de varias solicitudes deste permiso a comezos de curso coa excusa de que Función Pública afirmaba que se precisaba desenvolver a norma previamente, o director xeral de Función Pública afirmou nunha Mesa Xeral de hai un par de semanas que se podía aplicar xa. Máis alá de que se aclare a propia administración, demandamos que se nos aclare nesta mesa e que se dean instrucións ás xefaturas territoriais para a súa concesión.

Trasladarán a consulta novamente á dirección xeral de Función Pública.

FOL/Orientación e formación laboral

Nos IES onde non hai departamento de FOL a materia asígnase ao departamento de Orientación e teñen que facer o seguimento da materia, isto é sobrecargar uns departamentos que xa de por si están sobrecargados.

Ten pensado a administración galega solucionar isto dalgunha maneira, ou a súa idea é seguir cargando de burocracia aos departamentos de orientación até que non poidan realizar as súas funcións?

Trasladarán a nosa queixa á Dirección Xeral de Ordenación.

PIALE

Nesta ocasión recibimos queixas graves do profesorado de PIALE en Francia, pero son queixas que ano tras ano se repiten e xa non nos serve a desculpa de todos os anos de botarlle á culpa a empresa prestataria dos servizos. A responsábel é a administración e terá que velar polo bo desenvolvemento do programa e non só polos seus anuncios publicitarios.

As queixa deste ano das compañeira e compañeiros do **PIALE en Francia** (asinada por 20 docentes) vai desde a descoordinación total da viaxe a problemas co aloxamento e as dietas con variación durante a propia estada para rematar con problemas no propio programa docente e o seu material.

Trasladarán a nosa queixa á dirección xeral correspondente, co soporte do informe do profesorado afectado.

Prazas de atención preferente

Por segundo ano consecutivo as mensaxes por parte das inspeccións son do máis preocupantes: da mensaxe do ano pasado de que non ían ser renovadas -negado por parte da subdirección xeral de centros e recursos humanos despois da intervención da CIG- Ensino- pasamos este ano ao anuncio da desaparición destas prazas. Exiximos explicacións da Consellaría.

A Dirección Xeral indica que non entra na súa planificación eliminar a atención preferente.

Plan de igualdade do persoal docente da Consellaría

O venres 10 de novembro a Xunta publicou no DOG o **Plan de Igualdade** para o seu persoal. Deste plan queda excluído o persoal docente da Consellaría de Educación e o estatutario do SERGAS, xa que ambos deben ser obxecto de tratamento noutros plans específicos.

Levamos anos esixindo o comezo das negociacións para o noso plan e até agora púñase como escusa que se agardaría polo xeral da Xunta.

Tamén está publicado o Protocolo de actuación fronte ao acoso e as violencias sexuais e psicolóxicas no traballo no ámbito da administración xeral e non así para o persoal que traballamos nos centros educativos.

Urxe comezar a negocialo xa tanto o Plan de Igualdade como o Protocolo.

Indican que é o Plan de Igualdade é un tema previsto nos traballos da administración e que se comezará a negociar en xaneiro.